



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL *Comunicación e Xestión Cultural*

Praza da Soidade, s/n. - 27001 LUGO Telf.: 982 24 21 12 Fax: 982 240 240
info@museolugo.org / www.museolugo.org

CONVOCATORIA

Comezan os obradoiros do club Ei!! da Rede Museística

Mañá, venres, 19 de setembro, comeza no MPLugo un obradoiro de fotografía artística organizado polo club xuvenil Ei!! da Rede Museística. Impárteo Iago Eireos e vaise desenvolver durante os días 19, 20, 26 e 27 de setembro a partir das 16:30 horas, con unha duración aproximada por cada sesión de 3 horas.

Para esta actividade as 15 prazas disponibles xa están cubertas.

Os obradoiros con prazas libres son os seguintes:

-Obradoiro de lettering “a letra conta”, que se impartirá o 25 de setembro por Pancho Lapeña.

-Obradoiro audiovisual “dende dispositivos móbiles”, impartido por Iago de Sant, o 2 e 3 de outubro.

-Obradoiro audiovisual “pintar películas”, impartido por Gael, o 16 e 17 de outubro.

-Obradoiro tatuax “arte no tempo”, impartido por Bona, love&pride, o 24 outubro.

As persoas (maiores de 16 anos) que desexen inscribirse nas seguintes actividades do club Ei!! da Rede Museística deben facelo preferentemente a través do e-mail:

clubeirede@gmail.com.

Máis información no Museo Provincial de Lugo, tfno.: 982 24 23 00 / 982 24 21 12 e no e-mail: clubeirede@gmail.com

Lugo, 18 de setembro de 2014



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo